

# A PALABRA HERDADA

## UNIDADE 9 OS ALIMENTOS

*Dende sempre, as filloas foron prato exquisito das máis variadas mesas. Dende a do rico á do pobre, con maior ou menor complexidade de composición, as filloas foron causa de ledicia e de agradable sensación para as máis requintadas bocas. Con elas celebraban as familias a chegada dos alegres días do entroido, o xúbilo do remate do ano, a mata do porco ou o nacemento dun becerro que sería a fartura e contento da casa.*

*Pero, ben como comida principal, ben como larpeirada de postres (...) existen varios xeitos de face-las filloas, dependendo, claro está, dos posibles de cadaquén: hai filloas de anís, filloas recheas de licor, filloas recheas de mel e azucre, que colmarían o gusto do padal máis esixente. Tamén hai filloas de caldo, de centeo, de mestura (de millo e de trigo), que con leite ou con touciño encherían a andarga dos máis larpeiros. E, finalmente, hai filloas de sangue, que son moi populares por toda Galicia, e filloas de leite ou de calostros que é o primeiro leite que dá a vaca despois do parto. E hai filloas queimadas, filloas de lacón, e migados e farangullas e, máis humildemente, freixós e freixoas, que nalgunhas casas eran cocidas nunha simple pedra preparada para tal mester.*

Primitivo Iglesias Sierra

## VOCABULARIO

### Peixes e mariscos:

abadexo	gamba	pescada
ameixa	lamprea	rabada
anguía	lagostino	rapante
bacallao	linguado	salmón
berberecho	lirio	sardiñas
carioca	mexillón	troita
congro	ollomol	xoubas
fanecas	peixe sapo	xurelos

### Carnes:

agulla	fígado	raxo
bisté / filete	lacón	soá
cachucha	lingua	touciño
chourizos	lombo	xamón
costeleta	man	xarrete
croca	orella	zorza
falda / faldra	rabo	

### Verduras, legumes e hortalizas:

alcachofa	coliflor	nabizas
allo	fabas	patacas
berenxena	feixón	pemento
cebola	garavanzos	pirixel
cenoria	grelos	porro
chícharo	leituga	remolacha
cogomelos	lentella	repolo
		tomate

### Doces:

bica	flores	rosca
bolo de leite	galleta	roscón
bombón	melindre	rosquilla
churros	orellas	torta
filloa	pastel	turrón
flan		xelado

### Panadería:

barra	empanada
bola	molete
bolo	pan de centeo
boroa	pan de millo

## VOCABULARIO

### Comestibles varios:

aceite  
arroz  
azucres  
café  
chocolate

fariña  
galletas  
iogurt  
leite  
macarróns

marmelada  
ovos  
patacas  
queixo  
sopa

### Froitas:

ameixa  
amorodos  
castañas  
cereixas  
claudia

figo  
laranxa  
limón  
marmelo  
mazá

noces  
pexego  
plátano  
uvas

### Chacinería:

botelo  
chourizo  
lombo

salchicha  
salchichón  
xamón

## ACTIVIDADES

1. Diga a que palabras corresponden as seguintes definicións:
  - Molusco cefalópodo comestible con oito tentáculos provistos de ventosas. Soe comerse 'á feira'.
  - Torta feita de masa e rechea de carne ou outras substancias.
  - Producto sólido de aspecto e textura branda que se obtén do leite callado.
  - Doce en forma de rosca elaborado con fariña, ovos, azucre e leite.
  - Alimento que se compón xeralmente de verdura, patacas e carne, cocido todo xunto e con unto.
2. Elabore unha carta con palabras do vocabulario, tendo en conta a seguinte preparación ou acompañamento:

### PEIXES:

..... á brasa.  
..... á galega.

### VERDURAS:

..... recheas.

### CARNES:

..... encebado.  
..... con grelos.

### DOCES:

..... con mel.  
..... de vainilla.

3. Complete as frases seguintes:
  - Polo San Xoán a ..... pinga o pan.
  - A ..... é a raíña do río.
  - Polo entroido é costume come-la ..... e o ..... do porco, e de postre ....., ..... e .....
  - O lacón sóese acompañar con .....
  - A ..... pódese cociñar no seu propio sangue.
4. Diga cal é a solución ás seguintes adiviñas:

Marzo espigarzo;  
Abril penduril;  
Maio granado;  
San Xoán curado;  
na Santa Mariña  
metelo na archiña

De baixo da terra veño  
levo, cara ó ceo, altura,  
fago chorar ó máis forte  
aínda sen pena ningunha.

Embaixo da terra  
nun burato metido  
ten barbas e non ten cara  
ten dentes e non ten boca  
ten cabeza e non ten pés  
e ti que tanto sabes  
a ver se sábe-lo que é

5. Diga cal é o significado das seguintes expresións:

Estar no allo  
Fabas contadas  
Estar na verza

Corta-lo bacallao  
Andar coa troita  
Ser un bo peixe

6. Determinadas vilas de Galicia son asociadas coa abundancia de certos produtos gastronómicos. Asocie o produto coa localidade.

Vilalba	pementos
A Guarda	choco
Redondela	ostras
Arbo	capón
Arcade	lamprea
Padrón	lagosta

## ESQUEMAS GRAMATICAIS

### O PRONOME PERSOAL

Os pronomes persoais sinalan as tres persoas gramaticais que interveñen no discurso. As súas formas presentan flexión de xénero, número e persoa, anque non en tódolos casos, e organízanse en dúas series: tónicas ou átonas.

#### Formas. Serie tónica

##### Suxeito

		Singular	Plural
1ª persoa		eu	nós/nosoutros
2ª persoa		ti	vós/vosoutros
	Forma cortés	vostede	vostedes
3ª persoa	Masculino	el	eles
	Feminino	ela	elas

#### Formas oblicuas – Término de preposición ou comparación

		Libres	Ligadas
Singular	1ª persoa	min	comigo
	2ª persoa	ti	contigo
Plural	1ª persoa	nós	connosco
	2ª persoa	vós	convosco

#### Contraccións das preposicións EN e DE cos pronomes de terceira persoa

	el	ela	eles	elas
EN	nel	nela	neles	nelas
DE	del	dela	deles	delas

#### Formas átonas

##### Primeira persoa:

	Singular	Plural
O. Directo	me	nos
O. Indirecto	me	nos

## Segunda persoa:

	Singular	Plural
O. Directo	te	vos
O. Indirecto	che	vos

## Terceira persoa:

	Singular	Plural
O. Directo	o-lo-no a-la-na	os-los-nos as-las-nas
O. Indirecto	lle	lles

As formas **lo, la, los, las** úsanse:

- Tras unha forma verbal rematada en **-r** ou **-s**:  
*Vou busca-lo libro. Vou buscalo*
- Despois dos pronomes átonos enclíticos de obxecto indirecto: **nos, vos, lles**.  
*Enviounos un paquete. Envióuno*  
*Levámosvos un regalo. Levámosvo*  
*Pedinlles un favor. Pedínlle*
- Despois do adverbio U:  
*¿U-lo libro? Uo*  
*A casa que mercaches, ¿ula?*

As formas **no, na, nos, nas** úsanse:

- Despois das formas verbais rematadas en ditongo:  
*Buscar, busqueino, pero non o atopei*  
*Deixou o regalo na mesa. Deixouno*  
*Mercou a sala nas rebaixas. Mercouna*  
*Rachou o vestido na silva. Rachouno*

\* As formas **lle** e **lles** son as formas do complemento indirecto singular e plural respectivamente.

*Onte faleille do asunto.*  
*Ós meus alumnos deilles unha nova oportunidade.*

## As formas reflexivas

### Formas tónicas

Singular	
1ª persoa:	min
2ª persoa:	ti
3ª persoa:	si / consigo
Plural	
1ª persoa:	nós
2ª persoa:	vós
3ª persoa:	si, consigo

### Formas átonas

Singular	
1ª persoa:	me
2ª persoa:	te
3ª persoa:	se
Plural	
1ª persoa:	nos
2ª persoa:	vos
3ª persoa:	se

## ACTIVIDADES

1. Coloque nos espazos en branco as formas correspondentes do pronome persoal suxeito:
  - O que ..... fixo non o fai calquera.
  - Hoxe ..... traballaremos todo o día para poder saír mañá.
  - ..... penso que ..... deberías estar moi contento dos resultados.
  - Señor, .....¿que desexa tomar?
  - ..... debiades ir ver ó veciño.
2. Poña **te** ou **che** nos espazos en branco segundo corresponda:
  - Vou ..... conta-los nosos proxectos.
  - ¿Gustaría ..... facer unha viaxe por todo o mundo?
  - Non permitas que ..... diga o que debes facer.
  - Esperarei ..... onda sempre.
  - Ben deitaches que ..... quitei esa idea da cabeza.
  - Meteu ..... nun bo barullo.
  - Agradecinlles que ..... levaran con eles ó cine.
  - Puxo ..... a cociña pingando.
3. Substitúa o pronome **me** polos pronomes correspondentes de terceira persoa.
  - Díxome que non quixeras saí-lo domingo.
  - O rapaz pedíume cartos.
  - A señora facíame o traballo ó meu gusto.
  - Agardoume á porta durante unha hora.
  - Pareceume moi mal que non viñese.
  - A rapaza deixoume sen avisar.
  - O home seguiume a certa distancia.
4. Substitúa as palabras en negra polos pronomes correspondentes:
  - Mercou **uns zapatos** na feira.
  - Vin **a catedral** en obras.
  - Merquei uns regalos **para os nenos**.
  - Deixámo-**la parra** a medio podar.
  - Prometeu facer unha visita **a Manuel** antes de marchar.
  - Deixou **o paquete** esquecido na librería.
  - Buscámo-**lo reloxo** por toda a eira.
  - Quero prepara-lo camiño **ó que me substitúa**.
  - Cómpre face-**lo traballo** axiña, se queremos saír.
  - Fixo moitos exercicios **para os alumnos**.
  - ¿Trouxéche-lo libro **a André**?

# SOLUCIONARIO

## LÉXICO

- Diga a que palabras corresponden as seguintes definicións:
  - Molusco cefalópodo comestible con oito tentáculos provistos de ventosas. Soe comerse 'á feira'. **Polbo.**
  - Torta feita de masa e rechea de carne ou outras substancias. **Empanada.**
  - Producto sólido de aspecto e textura branda que se obtén do leite callado. **Requeixo.**
  - Doce en forma de rosca elaborado con fariña, ovos, azucre e leite. **Roscón.**
  - Alimento que se compón xeralmente de verdura, patacas e carne, cocido todo xunto e con unto. **Caldo.**
- Elabore unha carta con palabras do vocabulario, tendo en conta a seguinte preparación ou acompañamento:

### PEIXES:

**bacallao** á brasa  
**pescada** á galega

### VERDURAS:

**berenxenas** recheas

### CARNES:

**fígado** encebolado  
**lacón** con grelos

### DOCES:

**filloas** con mel  
**xelado** de vainilla

- Complete as frases seguintes:
  - Polo San Xoán **a sardiña** pinga o pan.
  - A **troita** é a raíña do río.
  - Polo entroido é costume come-la **cachucha** e o **rabo** do porco, e de postre **filloas, orellas e flores.**
  - O lacón sóese acompañar con **grelos.**
  - A **lamprea** pódese cocinar no seu propio sangue.
- Diga cal é a solución ás seguintes adiviñas:

Marzo espigarzo;  
Abril penduril;  
Maio granado;  
San Xoán curado;  
na Santa Mariña  
metelo na arquíña

### O PAN

Embaixo da terra  
nun burato metido  
ten barbas e non ten cara  
ten dentes e non ten boca

De baixo da terra veño  
levo, cara ó ceo, altura,  
fago chorar ó máis forte  
aínda sen pena ningunha.

### A CEBOLA

ten cabeza e non ten pés  
e ti que tanto sabes  
a ver se sábe-lo que é

## O ALLO

5. Diga cal é o significado das seguintes expresións:
  - Estar no allo: **coñecer un asunto**
  - Fabas contadas: **cousa certa e clara; escaso.**
  - Estar na verza: **estar despistado.**
  - Corta-lo bacallao: **mandar, dispor un asunto.**
  - Andar coa troita: **andar aparvado, andar despistado.**
  - Ser un bo peixe: **ser atravesado, pícaro.**
6. Determinadas vilas de Galicia son asociadas coa abundancia de certos produtos gastronómicos. Asocie o produto coa localidade:
  - Vilalba – **capón**
  - A Guarda – **lagosta**
  - Redondela – **choco**
  - Arbo – **lamprea**
  - Arcade – **ostra**
  - Padrón – **pementos**

## GRAMÁTICA

1. Coloque nos espazos en branco as formas correspondentes do pronome persoal suxeito:
  - O que **el** fixo non o fai calquera.
  - Hoxe **nosoutros** / **nós** traballaremos todo o día para poder saír mañá.
  - **Eu** penso que **ti** deberías estar moi contento dos resultados.
  - Señor, **vostede** ¿que desexa tomar?
  - **Vosoutros** / **vós** debiades ir ver ó veciño.
2. Poña **te** ou **che** nos espazos en branco segundo corresponda:
  - Vou**che** conta-los nosos proxectos.
  - ¿Gustarí**ache** facer unha viaxe por todo o mundo?
  - Non permitas que **che** diga o que debes facer.
  - Esperare**ite** onda sempre.
  - Ben deitaches que **che** quitei esa idea da cabeza.
  - Mete**ute** nun bo barullo.
  - Agradecinlles que **te** levaran con eles ó cine.
  - Púxo**che** a cociña pingando.
3. Substitúa o pronome **me** polos pronomes correspondentes de terceira persoa.
  - Díxol**le** que non quixeras saí-lo domingo.
  - O rapaz pediul**le** cartos.
  - A señora fací**alle** o traballo ó **seu** gusto.
  - Agardouno á porta durante unha hora.
  - Pareceul**le** moi mal que non viñese.

- A rapaza deixouno/**na** sen avisar.
  - O home seguiuno/**na** a certa distancia.
4. Substitúa as palabras en negriña polos pronomes correspondentes:
- Mercou **uns zapatos** na feira. **Mercounos**.
  - Vin **a catedral** en obras. **Vina**.
  - Merquei uns regalos **para os nenos**. Merque**illes** uns regalos.
  - Deixámo-**la parra** a medio podar. Deixámola.
  - Prometeu facer unha visita **a Manuel** antes de marchar. Prometeu facer**lle** unha visita.
  - Deixou **o paquete** esquecido na librería. Deixouno esquecido na librería
  - Buscámo-**lo** reloxo por toda a eira. Buscámolo por toda a eira.
  - Quero prepara-lo camiño **ó que me substitúa**. Quero preparar**lle** o camiño.
  - Cómpre face-**lo traballo** axiña, se queremos saír. Cómpre facelo axiña, se queremos saír.
  - Fixo moitos exercicios **para os alumnos**. Fíxo**lles** moitos exercicios.
  - ¿Trouxéche-lo libro **a André**? ¿Trouxéches**lle** o libro?